

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	2003-441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO "PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA".

I. ACTUACIÓN PREPARATORIAS DO CONTRATO DE OBRAS (APROBACIÓN DO PROXECTO)
ARTIGOS 231 E SEGUINTE DA LCSP

1º.- Con da-ta 03.06.2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento para o deseño, execución e o financiamento de obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370), sendo posteriormente formalizado por ambas administracións. En virtude do convenio, por parte do Ministerio de Fomento procedeuse á redacción e tramitación do proxecto de execución das referidas obras.

2º.- En base as obrigas do convenio, con data 29.05.2019 o Ministerio de Fomento remite copia do proxecto de trazado da "REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370)", presentado pola empresa INECO e redactado polos enxeñeiros D. Pablo Domínguez Gómez e D. Jonás Casquero Cecilio, cun orzamento base de licitación mais IVE de 13.400.494,90 euros, para conformidade ou observacións por parte do Concello de Vigo.

3º.- Con data 27.09.2019 subscribiuse unha addenda pola que se modifica o convenio co obxecto de adaptar o importe total do mesmo ao maior alcance das actuacións previstas inicialmente, modificar a repartición das obrigacións, pasando o Concello de Vigo a licitar e executar as obras, así como a contratación dos contratos de servizos de asistencia técnica asociados á obra e, por último, reprogramar as anualidades para adaptar a execución das actuacións ao ritmo real das mesmas.

4º.- En data 16.12.2019 remítese dende a Demarcación de Estradas do Estado resolución de aprobación provisional do proxecto de trazado da "REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370) emitida pola Subdirección Xeral de Conservación en data 29.11.2019, así como unha copia do proxecto de referencia a fin de que se examine e informe no prazo de un mes sobre o trazado o actuación proposta. A Xunta de Goberno Local, en sesión de

Área de Fomento

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:47	Páxina 1 de 7
2003-441	CSV: AAAE56-314547-8E53D5-PE6AYU-64JAFU-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	2003-441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

data 30.01.2020, acordou manifestar a conformidade do Concello de Vigo ao referido proxecto e trasladar dita conformidade á Demarcación de Estradas do Estado para o seu coñecemento aos efectos oportunos, o que tivo lugar por oficio de data 03.02.2020.

5º.- Con data 15.12.2022, tendo en conta, dunha parte, que a vixencia do convenio finalizaba o 31.12.2022, sen que fora posible prorrogar o mesmo máis alá de xuño de 2024, tempo insuficiente para a licitación e execución da actuación, e, doutra, a aparición de novas necesidades como o incremento dos custos dos materiais que supón un incremento do custo da obra e do importe total da actuación, a Comisión Paritaria de Seguimento do convenio propuxo a liquidación do convenio e a tramitación dun novo convenio que permita a continuación da execución das devanditas obras.

6º.- Esgotada a vixencia do convenio inicial sen proceder a súa execución, a Xunta de Goberno Local, en data 30.06.2023, acordou aprobar un novo convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dun convenio para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370). Dito convenio foi formalizado en data 13.07.2023 por ambas administracións.

7º.- En data 7 de maio de 2024 a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia remite ao Concello de Vigo o proxecto de construción "PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA" con sinatura dixital de data 07.05.2024 e con un orzamento de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €), aprobado provisionalmente pola Administración do Estado, tras o trámite de información pública, solicitando informe municipal en relación a dita actuación. O proxecto construtivo figura incorporado ao expediente con data 09.05.2024 e foi informado favorablemente pola Comisión Paritaria de Seguimento do convenio referido no antecedente anterior en sesión de 26.04.2024.

8º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10.05.2024, acordou manifestar a conformidade do Concello de Vigo ao referido proxecto de construción e trasladar dita conformidade á Demarcación de Estradas do Estado para o seu coñecemento aos efectos oportunos, o que tivo lugar por oficio de data 13.05.2024.

Área de Fomento

2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:47	Páxina 2 de 7
2003-441	CSV: AAAE56-314547-8E53D5-PE6AYU-64JAFU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	2003-441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

9º.- En data 24.05.2024 remítese dende a Demarcación de Estradas do Estado resolución de aprobación definitiva do proxecto de construción "REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370)" emitida pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes e Mobilidade sostible na mesma data..

10º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 30.05.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.05.2024 aprobou o "PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA", redactado polos enxeñeiros Jonás Casquero Cecilio e Pablo Domínguez Gómez, cun base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €) e asinado dixitalmente en data 7 de maio de 2024. Expte. 3506-443.

II. NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP

1. Necesidade.

En cumprimento do artigo 28 da LCSP, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, xustifícanse na necesidade de reforma integral dun vial público de uso xeral. Estas necesidades e a idoneidade das obras proxectadas para satisfacelas atópanse definidas detalladamente xunto co seu alcance, na memoria e no proxecto.

A Rede de Estradas do Estado no termo municipal de Vigo inclúe o tramo denominado "Avenida de Madrid", incluído na autovía A-55 entre a praza de España (P.K. 0+000) e a intersección coa rúa Gandarón (P.K. 2+370). Co paso do tempo esta avenida quedou absorbida dentro do tecido urbano de Vigo e a súa contorna metropolitana, feito que fai necesaria a súa humanización, aumentando a permeabilidade transversal para o peón, mellorando a iluminación e o mobiliario urbano, adaptando as paradas de autobús para que sexan máis accesibles.

Tal e como se indica na memoria descritiva do antedito proxecto, o mesmo ten por obxecto adaptar a Avenida de Madrid á realidade actual, transformando a citada avenida nunha vía urbana

Área de Fomento

3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:47	Páxina 3 de 7
2003-441	CSV: AAAE56-314547-8E53D5-PE6AYU-64JAFU-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	2003-441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

e logrando a humanización da súa contorna que constitúe en si mesmo unha barreira e posúe características desfavorables para o tránsito peonil.

2. Idoneidade.

A idoneidade das obras obxecto desta contratación para satisfacer as anteditas necesidades desenvólvense no respectivo proxecto. A actuación desenvólvese ao longo da Avenida de Madrid, dende a Praza de España (P.K. 0+000) ate a intersección en glorieta coa rúa Gandarón (P.K. 2+370). A Avenida de Madrid constitúe a prolongación urbana da Autovía A-55, na que se intersectan un gran número de rúas da rede local e a accesos tanto veciñais como comerciais. As obras a executar enuméranse a continuación:

- A rehabilitación superficial do firme e posterior repintado de marcas viais.
- A renovación das beirarrúas existentes e a ampliación da súa sección transversal nos tramos onde resulte posible para mellorar a accesibilidade peonil.
- O incremento de la permeabilidade entre marxes mediante a disposición de novos pasos peonís semaforizados.
- A redistribución e mellora da iluminación no tramo, mediante o traslado das luminarias á mediana.
- A disposición de sistemas de contención adecuados ás características do tramo e a eliminación da valla metálica de separación de ambas vías de servizo.
- A remodelación das interseccións existentes nos PP.KK. 0+900, 1+600 y 2+200.
- Reposición de servizos afectados, incluída a renovación da rede de pluviais, rede de abastecemento e reposición da rede de saneamento de fecais.
- Resto de obras complementarias das anteriores, incluída a instalación de rede de rego por goteo en xardinería e disposición de mobiliario urbano e elementos ornamentais.

Fundamentalmente o obxectivo é transformar a Avenida de Madrid en unha vía urbana e humanizar a súa contorna, aumentando a permeabilidade transversal para o peón, mellorando a iluminación e o el mobiliario urbano e adaptar as paradas de autobús con criterios de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:47	Páxina 4 de 7
2003-441	CSV: AAAE56-314547-8E53D5-PE6AYU-64JAFU-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	2003-441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

accesibilidade.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 12 meses.

En definitiva, a necesidade e idoneidade da contratación, fundaméntase en relación co obxecto desta actuación, de reforma integral dun vial público de uso xeral, destinada directamente ao desenvolvemento dos servizos públicos de competencia local, polo cal, tendo en conta aspectos específicos do proxecto a executar, faise necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo, non conta con recursos propios para a execución destas actuacións, dado que as mesmas demandan a execución de actuacións de obras cunha esixencia de man de obra e maquinaria, que non poden ser executados directamente pola propia estrutura municipal, polo cal enténdese necesario acudir a unha contratación de obras para poder executar o proxecto previsto.

III. FINALIDADE INSTITUCIONAL, COMPETENCIAS MUNICIPAIS

A finalidade a satisfacer pola administración municipal está relacionada coa reforma integral dun vial público de uso xeral, a teor do disposto no artigo 25.2.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que atribúe ás Administracións municipais competencia propia no referente á transformación sostible da infraestrutura viaria municipal. No mesmo senso, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), no seu artigo 80.2.d) e l) atribúe como competencia propia ás entidades locais a pavimentación das vías públicas urbanas, subministro de auga, alumeadado público e rede de sumidoiros.

IV. NATUREZA DAS OBRAS E FINANCIAMENTO

1. As obras a executar teñen a condición dunha actuación de inversión xa que supoñen un incremento da capacidade, rendemento e eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuacións de "investimentos reais".

En base o exposto, esta actuación cualificarase como contrato de obras segundo o disposto no

Área de Fomento

5



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:47	Páxina 5 de 7
2003-441	CSV: AAAE56-314547-8E53D5-PE6AYU-64JAFU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	2003-441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

artigo 13 da LCSP.

2. Trátase dunha actuación cofinanciada a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA DUN CONVENIO PARA O DESEÑO, EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DA AVENIDA DE MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370). Dito convenio foi formalizado en data 13.07.2023 por ambas administracións. Expte.1717-441.

3.- O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación.

V. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación das obras do “**PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA**”.

A Técnica de Xestión de Servizos Xerais.- Ruth Gallego Santos.

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra

O Xefe da Área de Servizos Xerais.- Jerónimo Centrón Castaños.

DECRETO

Á vista do informe xustificativo da necesidade da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023),

RESOLVO: “Iniciar expediente para a contratación das obras do “**PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA**”.

Área de Fomento

6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:47	Páxina 6 de 7
2003-441	CSV: AAAE56-314547-8E53D5-PE6AYU-64JAFU-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	2003-441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos (Resolución da Alcaldía de datas 19 e 28 de xuño de 2023, BOP nº 123 de data 27.06.2023)- F. Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe,

A Secretaria de Goberno Local.

Susana Gallardo Fariña

Área de Fomento

7



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:47	Páxina 7 de 7
2003-441	CSV: AAAE56-314547-8E53D5-PE6AYU-64JAFU-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>